

RESULTADOS: MARBELLA JUDO SPANISH OPEN "A" **SENIOR EUROPEAN CUP**

Marbella, 13-14 Novembro 2010

O Palacio de Congresos de Marbella foi o escenario da primeira xornada da 1ª Copa de Europa de Judo "OPEN DE ESPAÑA 2010. A continuación facemos balance dos galegos participantes: Gran actuación da judoka viguesa Laura Baixo Borlán (A.D. Famu de Vigo) que obtivo a medalla de ouro na categoría de -57kg, con este resultado Laura mete un pé no circuíto clasificatorio para a Olimpíada de Londres xa que a Federación Española daralle unha saída a unha Copa do Mundo a todos os españois primeiros clasificados. Tamén moi meritoria foi a medalla de bronce de Luís M. Seijas González (J.C. Coruña) na categoría de -81kg que derrotou na medalla pola terceira praza a Jorge Benavente. Pola súa banda a judoka galega Paula Vilacoba (Judo Club Arteixo) disputou a 3ª praza aínda que unha lesión impediulle subir ao podio. A xornada do domingo péchase coas medallas de bronce de Alejandro Sanmartín Carrera (Judo Club Coruña), en -100kg e Carla Mosquera (Judo Club Shiai) en -78kg, que fan un balance de excelente para a selección galega convocada para este evento de primeiro nivel